





FERVENZA DE PARRELOS

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2017



Distancia: 5 km (ida e volta)
Dificultade: baixa



Un curto percorrido entre as serras do Faro e o Suído na parroquia de Prado (concello de Covelo) para coñecer e gozar de elementos naturais, históricos e etnográficos –unha fervenza, una ponte “romana” e uns vellos pasos-.

COMO CHEGAR

Na estrada de Covelo a Avión, pasados Maceira e Prado, xusto ao pé do desvío á ermida da Xestosa temos da outra beira da estrada, e sinalizada con indicadores de madeira, a pista, de terra, só ten asfalto na entrada, que, en 1,5 km, nos achega canto é posible aos lugares motivo da nosa viaxe: a ponte Abuíña, a fervenza de Parrelos e os pasos de Xaneán.

A ponte Abuíña atoparémola xusto onde remata a pista e, uns metros antes, un carreiro, indicado, polo que vai soterrada unha condución de auga achéganos, nuns 500 m, á baixada a fervenza de Parrelos e na mesma baixada á fervenza temos o desvío aos pasos. Á ponte Abuíña, punto de partida do percorrido, tamén é posible achegarse desde O Portiño (A Graña) por unha pista de terra de 1,3 km.

Podemos aproveitar a viaxe e achegarnos a ermida da Xestosa (por estrada asfaltada), unha robusta capela montesía con romería anual e sartego de auga miragreira, e un lugar desde o que podemos gozar de fermosas panorámicas do val do Tielas, o territorio de Covelo e máis alá, cara ao mar de Vigo.


FERVENZA DE PARRELOS, un fermoso salto de boa altura no que destacan as pegadas do traballo da auga nas rochas puídas e comestas, e nas formas curvas características dos restos de antigos pilancóns, ao pé dos que hai unhas fermosas pozas nas que en datas axeitadas ninguén se negaría un baño.



Fervenza de Parrelos



A **PONTE ABUIÑA** foi lugar de paso dun dos camiños de arrieiros que aproveitaba o espazo natural de menor altura entre as serras. Ao seu pé conflúen varios dos regatos das cabeceiras do Tea que a partir deste punto xa ten una certa entidade.



PASOS DE XANEÁN: unha ringleira de bloques de pedra que permiten cruzar o río. Unha construción habitual en zonas de pouco fondo e non moi transitadas nas que realizar una ponte sería trabaloso e pouco rendible.